

UNIDADE DIDÁCTICA 2ª

Activa oradar

Está en ti

Transforma as desigualdades
de xenero



PRIMERA ACTIVIDADE

“Aclarando as ideas”

Relacionade os conceptos que se recollen na seguinte diapositiva coas súas respectivas definicións.

A ver cantas acertades!

E a ver cantos exemplos para cada unha se vos ocorren!

Delgadeza	Hipersexualización das nenas	Canons de beleza	Masculinidades igualitarias	Corpo
Sexismo	Cousificación da muller	Gordofobia	Hipersexualización	Cousificación

Facer uso das mulleres ou da súa imaxe para finalidades que non as dignifican.	Conxunto de aquelas características que nunha sociedade considéranse convencionalmente como fermosas ou atractivas, sexa nunha persoa ou obxecto. É historicamente variable e non é común ás diferentes culturas.	Fai referencia a unha calidade, característica ou condición física de flacura
Odio, rexeitamento cara ás persoas gordas polo feito de ser gordas.		Teoría baseada na inferioridade do sexo feminino que vén determinada polas diferenzas biolóxicas entre homes e mulleres. Baséase en actitudes e comportamentos que perpetúan a desigualdade, infravalorando ou distinguindo ás persoas segundo o seu sexo.
Aquelo que non sostén ningún tipo de violencia nin opresión propia do patriarcado. Impulsa cambios nos roles de xénero para a prevención de condutas discriminatorias e promove unha sociedade máis libre.	Tratar como cousa algo que realmente non é un obxecto senón que é, en realidade, un ser humano.	
Asumir actitudes, roupa, maquillaxe, etc., que non se corresponden coa idade.	Conxunto de órganos, sistemas e células que nos constitúen a cada ser humano e ao cal estamos inevitablemente atados pola existencia. Todo o que somos, o que distinguimos do mundo e do demais, o que nos delimita.	Obsesión por resaltar os atributos sexuais por encima de todas as demais calidades que poida ter unha persoa. Un dos seus principais promotores son os medios de comunicación no seu conxunto, xa que teñen un gran alcance a nivel social e cultural.

A ver, a ver...imos verificar cantas acertastes!

Na seguinte diapositiva recóllense os conceptos emparellados coas súas definicións.

E para que entendades ben...exemplos de regalo!

Delgadeza	Fai referencia a unha calidade, característica ou condición física de flacura	Canons de beleza	Conxunto de aquelas características que nunha sociedade considéranse convencionalmente como fermosas ou atractivas, sexa nunha persoa ou obxecto. É historicamente variable e non é común ás diferentes culturas.
Corpo	Conxunto de órganos, sistemas e células que nos constitúen a cada ser humano e ao cal estamos inevitablemente atados pola existencia. Todo o que somos, o que distinguimos do mundo e do demais, o que nos delimita.	Cousificación da muller	Facer uso das mulleres ou da súa imaxe para finalidades que non as dignifican.
Sexismo	Teoría baseada na inferioridade do sexo feminino que vén determinada polas diferenzas biolóxicas entre homes e mulleres. Baséase en actitudes e comportamentos que perpetúan a desigualdade, infravalorando ou distinguindo ás persoas segundo o seu sexo.	Masculinidades igualitarias	Aquelo que non sostén ningún tipo de violencia nin opresión propia do patriarcado. Impulsa cambios nos roles de xénero para a prevención de condutas discriminatorias e promove unha sociedade máis libre.
Cousificación	Tratar como cousa algo que realmente non é un obxecto senón que é, en realidade, un ser humano.	Hipersexualización	Obsesión por resaltar os atributos sexuais por encima de todas as demais calidades que poida ter unha persoa. Un dos seus principais promotores son os medios de comunicación no seu conxunto, xa que teñen un gran alcance a nivel social e cultural.
Gordofobia	Odio, rexeitamento cara ás persoas gordas polo feito de ser gordas.	Hipersexualización das nenas	Asumir actitudes, roupa, maquillaxe, etc., que non se corresponden coa idade.

SEGUNDA ACTIVIDADE

“A ver...Quen se anima ao mini teatro?”

Imos recrear a seguintes escena:

No patio do colexio vemos que na parte central hai uns rapaces que están xogando ao fútbol e, nunha das esquinas, un grupo de rapaces e rapazas que están falando arredor dun banco. O balón impacta contra a cara dun dos rapaces dese grupo, e este reséntese do golpe (tápase a cara coas mans, encóllese un pouco coa dor, e cáenlle as bágoas). Esta situación motiva que ambos os grupos inicien unha discusión.

Diálogo:

(Rapaz Nº 1) Mira que bo ollo tes! Deches na diana.

(Rapaz Nº 2) Fíxate, xa está choromicando como unha nena.

(Rapaza Nº 1) Sodes uns brutos!

(Rapaz Nº 1) Ti cala, hipopótamo!

(Rapaz Nº 2) Téñente que defender as nenas?

(Rapaza Nº 2) Aínda non vos decatastes que ir de “machiño” é da época das cavernas? Evolucionade.

QUE VOS DI O VOSO RADAR



...

- **Detectastes algún estereotipo de xénero na conversa?**

Na conversa alguén di: “mira que bo ollo tes! Deches na diana”. A que se referirá con isto?

Alguén tamén dixo: “Fíxate, xa está choromicando como unha nena”...Que pensades sobre esta expresión?, Por que parece un insulto? Cal é a diferenza entre as bágoas dunha nena e as dun neno?, **Chorar é sinal de debilidade?**

- **Que outras expresións sexistas adoitamos dicir ou escoitar?**

Cando lle di: “ti cala, hipopótamo”.

- **Este pode ser un exemplo de gordofobia?**

Como credes que se senten as persoas que reciben mensaxes e expresións deste tipo? Que consecuencias poden ter para elas?

- **Que podemos facer para frear a gordofobia?**

Unha das rapazas dilles que se non decataron que ir de “machiño” é da época das cavernas, e que evolucionen.

- **Que pensades sobre isto?**

Algunhas reflexións importantes...

- As características asociadas ás mulleres **son consideradas** polo sistema patriarcal **de menor valor**.
- A ruptura coa masculinidade hexemónica e cos estereotipos de xénero tradicionais **dá paso a masculinidades máis diversas e igualitarias**.
- **Os estereotipos son grandes condicionantes das nosas** vidas e moi prexudiciais xa que determinan a nosa forma de comportarnos, os nosos gustos e intereses, expectativas,...en definitiva, o noso modo de vivir.
- **A gordofobia é unha forma de discriminación** que se exerce a través de mensaxes de odio e de rexeitamento respecto ao corpo.
- **As mensaxes e insultos que reciben terminan calando fondo e interiorízanse**, aloxándose na persoa sentimentos negativos de culpa e responsabilidade.
- **Todas as persoas somos diversas** e, con independencia de como sexa o noso corpo, peso, aparencia, capacidades,...**merecemos respecto e vivir unha vida libre de discriminación e violencia**.

Para seguir aprofundando...



Actividade “Identificando a nosa cota de masculinidade/feminidade hexemónica”

Son un NENO e...

Sempre son valente e gústame rescatar a outras persoas?

As veces sinto medo pero dáme vergoña contarllo aos meus amigos e amigas?

Cústame pedir axuda a outras persoas?
Adoito mostrar abertamente os meus sentimentos e emocións?

Compórtome de forma agresiva cando me enfado?

Son un NENA e...

Prefiro que me rescaten que facer as cousas por min mesma?

Penso que para ser feliz na vida é necesario ter unha parella?

Aféctame á miña autoestima que a xente pense que son guapa ou fea?

Oculto os meus gustos pola reacción que poida ter o meu grupo de amigas e amigos ou polo que poidan pensar?

Cústame expresar ou dicir o que me fai sentir mal ou aquilo que me incomoda?

E a vós....canto vos influén os mandatos de xénero?

Canto máis se achega a nosa identidade ao modelo hexemónico de masculinidade ou feminidade....máis influencia teñen os estereotipos e roles de xénero sobre nós.

Aínda así...**non te preocupes! Podemos arranxalo!**

Fagámolo xuntas e xuntos!

A continuación, imos recoller aspectos clave para que detectedes algunhas das características principais de tales modelos tan nocivos para nós.

Algunhas características da...

Masculinidade hemexómica	Feminidade hexemónica
• Ser home significa rexeitar todo aquilo que sexa feminino. • Ser importante, ter maior status, e maior poder. • Ser duro, non mostrar sentimentos. • O risco e a agresividade son sinónimos de masculinidade.	• A importancia dos fillos e fillas e os coidados para o pleno desenvolvemento. • A importancia da imaxe persoal como elemento da propia identidade. • A expresividade dos afectos e sentimentos. • O amor romántico.

Ao debate! E vós...que credes?

Que comportamentos contribúen a unha convivencia en igualdade?



Para seguir aprofundando...

Actividade “Sumas ou restas?”

Cales das seguintes cousas credes que suman para vivir a identidade de xénero libre de estereotipos? E cales restan?

Os homes poden sentir medo e expresalo.

Os homes son brutos, dálles igual todo.

As mulleres non teñen forza. Non lles gusta o exercicio.

As mulleres poden ser valentes.

Homes e mulleres expresan as súas emocións e dialogan sobre o que lles pasa.

As mulleres preocúpanse moito pola aparencia e a estética.

Tanto mulleres coma homes saben dialogar para a resolución de conflitos.

Ás mulleres son empáticas por natureza, gústalles escoitar aos demais.

Os homes non choran, non saben expresar as súas emocións.

Os homes teñen as mesmas responsabilidades que as mulleres no traballo de coidados e no fogar.

As mulleres poden triunfar no sector que se propoñan, son decididas e perseguen os seus obxectivos académicos e laborais.

Imos ordenar!

COUSAS QUE SUMAN PARA VIVIR A IDENTIDADE DE XÉNERO NON HEXEMÓNICA (LIBRE DE ESTEREOTIPOS)

Os homes teñen as mesmas responsabilidades que as mulleres no traballo de coidados e no fogar.

As mulleres poden ser valentes.

Homes e mulleres expresan as súas emocións e dialogan sobre o que lles pasa.

As mulleres poden triunfar no sector que se propoñan, son decididas e perseguen os seus obxectivos académicos e laborais.

Tanto mulleres coma homes saben dialogar para a resolución de conflitos.

Os homes poden sentir medo e expresalo.

COUSAS QUE RESTAN PARA VIVIR A IDENTIDADE DE XÉNERO NON HEXEMÓNICA (LIBRE DE ESTEREOTIPOS)

Os homes non choran, non saben expresar as súas emocións.

As mulleres non teñen forza. Non lles gusta o exercicio.


Os homes son brutos, dálles igual todo.

As mulleres preocúpanse moito pola aparencia e a estética.

Os homes son competitivos por defecto e sempre conseguen o que queren.

As mulleres son empáticas por natureza, gústalles escoitar aos demais.

TERCEIRA ACTIVIDADE



QUE VOS DI O VOSO RADAR
sobre a situação que acabamos de
ver no microvídeo?

Debategamos?

- A quen de vos lle gustan os videoxogos?
 - Que opinades do que se di no vídeo de que case non hai mulleres?
 - E estades de acordo co que se di sobre a representación das mulleres?
 - Credes que é unha forma de sexismo? Por que?
 - En xeral, como aparecen representados os homes nos videoxogos? E as mulleres?
 - Cales son as diferencias que notades? E no cine series, publicidade, programas de televisión, represéntanse do mesmo xeito ou credes que hai diferencias?
- Cales son os ideais de beleza de mulleres e homes que se reproducen nos videoxogos?
 - Credes que isto afecta na nosa vida cotiá? Como?
 - E estes modelos de “ser muller” que aparecen nos videoxogos, credes que inflúen na imaxe que as rapazas teñen sobre si mesmas?
 - E na imaxe que os rapaces teñen sobre as rapazas?
 - Que ideas ou valores credes que transmiten?

Para seguir aprofundando...

* **Actividade: fai que chegue a máis
persoas do cole o radar TDX.
Aceptas o reto?**

1º. Pensa un título para o microvídeo da campaña que acabas de ver.

2º. Elabora un cartel e adórnao como máis che guste.

3º. Colócao no lugar da aula que che indique profesorado.